

LATÍN

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos cada unha, das que pode responder un **MÁXIMO DE 2** combinadas como desexe. Se responde máis preguntas das permitidas, **só serán corrixidas as 2 primeiras respondidas** / *El examen consta de 4 preguntas de 5 puntos cada una, de las que puede responder un MÁXIMO DE 2 combinadas como desee. Si responde más preguntas de las permitidas, solo serán corregidas las 2 primeras respondidas.*

PREGUNTA 1. Textos e gramática. Lea o texto e conteste as cuestións a el vinculadas / *Textos y gramática. Lea el texto y conteste las cuestiones a él vinculadas.*

O rei Tarquinio Prisco / El rey Tarquinio Prisco

Deinde regnum Priscus Tarquinius accepit. Hic numerum senatorum duplicavit, circum Romae aedificavit, ludos Romanos instituit, qui ad nostram memoriam permanent. Vicit idem etiam Sabinos et non parum agrorum sublatum isdem urbis Romae territorio iunxit, primusque triumphans urbem intravit.

1.1. Traduza o texto / *Traduzca el texto (4 puntos).*

1.2. Analice morfolóxica ou sintacticamente (escoja unha das dúas posibilidades) o fragmento subliñado no texto / *Analice morfológica o sintácticamente (escoja una de las dos posibilidades) el fragmento subrayado en el texto. (1 punto).*

PREGUNTA 2. Textos e gramática. Lea o texto e conteste as cuestións a el vinculadas / *Textos y gramática. Lea el texto y conteste las cuestiones a él vinculadas.*

Octaviano Augusto

Ita bellis toto orbe confectis Octavianus Augustus Romam rediit. Rem publicam per quadraginta et quattuor annos solus obtinuit. Obiit autem septuagesimo sexto anno morte communi in oppido Campaniae Atella. Romae in campo Martio sepultus est, vir qui non inmerito ex maxima parte deo similis est putatus.

2.1. Traduza o texto / *Traduzca el texto (4 puntos).*

2.2. Analice morfolóxica ou sintacticamente (escoja unha das dúas posibilidades) o fragmento subliñado no texto / *Analice morfológica o sintácticamente (escoja una de las dos posibilidades) el fragmento subrayado en el texto (1 punto).*

PREGUNTA 3. Textos e gramática. Lea o texto e conteste as cuestións a el vinculadas / *Textos y gramática. Lea el texto y conteste las cuestiones a él vinculadas.*

O lobo e o año / *El lobo y el cordero*

Ad rivum eundem lupus et agnus venerant
siti compulsi; superior stabat lupus
longeque inferior agnus. Tunc fauce improba
latro incitatus iurgii causam intulit.
«Cur» inquit «turbulentam fecisti mihi
aquam bibenti?».

3.1. Traduza o texto / *Traduzca el texto (4 puntos).*

3.2. Analice morfolóxica ou sintacticamente (escoja unha das dúas posibilidades) o fragmento subliñado no texto / *Analice morfológica o sintácticamente (escoja una de las dos posibilidades) el fragmento subrayado en el texto (1 punto).*

PREGUNTA 4. Literatura e léxico / *Literatura y léxico.*

4.1. Desenvolva un dos dous temas / *Desarrolle uno de los dos temas:*

4.1.1. Argumento de tres comedias de Plauto **(2,5 puntos).**

4.1.2. Os tratados sobre retórica de Cicerón / *Los tratados sobre retórica de Cicerón (2,5 puntos).*

4.2. Responda unha das tres cuestións / *Responda una de las tres cuestiones:*

4.2.1. Sinale o prefixo de orixe latina e explique que significado achega nas seguintes palabras / *Señale el prefijo de origen latino y explique qué significado aporta en las siguientes palabras: "contraofensiva", "intercontinental", "prefabricado", "sobrestimar", "subcomisión" (2,5 puntos).*

4.2.2. Explique o significado das seguintes expresións latinas e utilíceas nun exemplo / *Explique el significado de las siguientes expresiones latinas y utilícelas en un ejemplo: "alea iacta est", "carpe diem!", "homo homini lupus", "in memoriam", "modus operandi" (2,5 puntos).*

4.2.3. Explique o significado dos seguintes topónimos de orixe latina / *Explique el significado de los siguientes topónimos de origen latino: "Bonaval", "Chantada", "Ortigueira", "Sobrado", "Vigo" (2,5 puntos).*

ABAU 2022
CONVOCATORIA ORDINARIA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
LATÍN II (cód. 30)

O exame consta de 4 preguntas, das que hai que responder un máximo de dúas, combinadas como se queira. Se algún alumno/-a responde máis de dúas, serán tidas en conta soamente as dúas primeiras que presente.

PREGUNTAS 1, 2 e 3. Textos e gramática (ata 5 puntos):

Cuestión 1. Valorarase con ata 4 puntos. Hai que traducir ao galego ou ao castelán o fragmento proposto, demostrando que se comprende correctamente o texto orixinal, que se recoñecen con exactitude o seu léxico e as súas estruturas gramaticais e que se é capaz de trasladar todo o seu contido de forma precisa, equivalente e correcta na lingua de destino. Soamente se pide a tradución correspondente.

Unha posible tradución dos textos propostos é a seguinte:

1.1. “Despois tomou o poder real Tarquinio Prisco. Este duplicou o número de senadores, edificou un circo en Roma, instituíu os xogos romanos, que perviven ata a nosa época. El mesmo tamén venceu aos sabinos e non poucos campos arrebatados a eles uniunos ao territorio da cidade de Roma, e foi o primeiro que entrou triunfante en Roma”. Tamén se considerará válido traducir: “edificou o circo de Roma”.

2.1. “Así despois de realizadas as batallas por todo o mundo Octaviano Augusto regresou a Roma. Tivo el só o goberno do estado durante corenta e catro anos. Morreu aos setenta e seis anos de morte natural na cidade de Atela de Campania. Foi sepultado en Roma no campo de Marte, un home que non inmerecidamente foi considerado en moi grande parte semellante a un deus”. Tamén se considerará válido traducir: “no campo de Marte de Roma”.

3.1. “Ao mesmo río chegaran un lobo e un año impulsados pola sede; máis arriba estaba o lobo e lonxe máis abaixo o año. Entón pola súa gorxa malvada incitado o ladrón provocou un motivo de liorta. Dixo: “Por qué me puxeches a auga revolta mentres bebía?”.

Cuestión 2. Valorarase con ata 1 punto. Hai que analizar morfolóxica ou sintacticamente o fragmento sinalado no texto proposto para tradución. Na análise morfolóxica débese identificar correctamente que clase de palabra é cada unha das unidades do fragmento e indicar as categorías gramaticais de cada unha delas, atendendo ao valor concreto desas palabras no texto en cuestión. Na análise sintáctica débense explicar as estruturas sintácticas que hai no fragmento e as funcións sintácticas de cada un dos elementos que integran esas estruturas. Admítese calquera método de análise que sexa correcto.

PREGUNTA 4. Literatura e léxico (ata 5 puntos):

4.1. Hai que responder a un só dos dous temas propostos, que permitirá acadar ata 2,5 puntos. Se algún alumno/-a responde a máis dun tema, terase unicamente en conta o que desenvolva en primeiro lugar. Valorarase a exactitude e a calidade dos contidos referidos exclusivamente ao tema preguntado, e tamén a claridade e a corrección da exposición.

4.1.1. Hai que describir o argumento de tres comedias de Plauto.

4.1.2. Hai que citar os tratados sobre retórica de Cicerón e explicar brevemente o seu contido.

4.2. Hai que responder a unha soa das tres cuestións propostas, que permitirá acadar ata 2,5 puntos (0,5 cada elemento da cuestión). Se algún alumno/-a responde a máis dunha cuestión, terase unicamente en conta a que presente en primeiro lugar. Valorarase a explicación precisa, clara e completa de cada termo ou expresión obxecto de pregunta.

4.2.1. Hai que sinalar o prefixo de orixe latina e explicar que significado achega nas correspondentes palabras.

4.2.2. Débese explicar o significado de cada unha das expresións latinas, poñendo algún exemplo de uso en contexto adecuado.

4.2.3. Hai que explicar o significado dos topónimos propostos, indicando os étimos latinos dos que proceden. Se algún dos topónimos ten varias posibilidades de interpretación, darase por boa calquera desas posibilidades.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2022

Xosé Carracedo Fraga

Presidente da comisión de avaliación

LATÍN

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos cada unha, das que pode responder un **MÁXIMO DE 2** combinadas como desexe. Se responde máis preguntas das permitidas, **só serán corrixidas as 2 primeiras respondidas** / *El examen consta de 4 preguntas de 5 puntos cada una, de las que puede responder un MÁXIMO DE 2 combinadas como desee. Si responde más preguntas de las permitidas, solo serán corregidas las 2 primeras respondidas.*

PREGUNTA 1. Textos e gramática. Lea o texto e conteste as cuestións a el vinculadas / Textos y gramática. Lea el texto y conteste las cuestiones a él vinculadas.

O emperador Nerva / *El emperador Nerva*

Domitiano, exitiabili tyranno, Nerva successit, vir in privata vita moderatus et strenuus, nobilitatis mediae. Aequissimum se et civilissimum praebuit. Rei publicae divina provisione consuluit Traianum adoptando. Mortuus est Romae post annum et quattuor menses imperii sui ac dies octo.

1.1. Traduza o texto / *Traduzca el texto (4 puntos).*

1.2. Analice morfolóxica ou sintacticamente (escoja unha das dúas posibilidades) o fragmento subliñado no texto / *Analice morfológica o sintácticamente (escoja una de las dos posibilidades) el fragmento subrayado en el texto. (1 punto).*

PREGUNTA 2. Textos e gramática. Lea o texto e conteste as cuestións a el vinculadas / Textos y gramática. Lea el texto y conteste las cuestiones a él vinculadas.

Inicio de Roma

Romanum imperium a Romulo exordium habet, qui Reae Silviae, Vestalis virginis, filius et, quantum putatus est, Martis cum Remo fratre uno partu editus est. Is cum inter pastores latrocinaretur, decem et octo annos natus urbem exiguum in Palatino monte constituit.

2.1. Traduza o texto / *Traduzca el texto (4 puntos).*

2.2. Analice morfolóxica ou sintacticamente (escoja unha das dúas posibilidades) o fragmento subliñado no texto / *Analice morfológica o sintácticamente (escoja una de las dos posibilidades) el fragmento subrayado en el texto (1 punto).*

PREGUNTA 3. Textos e gramática. Lea o texto e conteste as cuestións a el vinculadas / Textos y gramática. Lea el texto y conteste las cuestiones a él vinculadas.

A chegada de Hércules ao ceo / La llegada de Hércules al cielo

Caelo receptus propter virtutem Hercules,
cum gratulantes persalutasset deos,
veniente Pluto, qui Fortunae est filius,
avertit oculos. Causam quaesivit pater.
«Odi» inquit «illum, quia malis amicus est
simulque obiecto cuncta corrumpit lucro».

3.1. Traduza o texto / *Traduzca el texto (4 puntos).*

3.2. Analice morfolóxica ou sintacticamente (escoña unha das dúas posibilidades) o fragmento subliñado no texto / *Analice morfológica o sintácticamente (escoja una de las dos posibilidades) el fragmento subrayado en el texto (1 punto).*

PREGUNTA 4. Literatura e léxico / Literatura y léxico.

4.1. Desenvolva un dos dous temas / *Desarrolle uno de los dos temas:*

4.1.1. Tipoloxía e contido de tres discursos de Cicerón / *Tipología y contenido de tres discursos de Cicerón (2,5 puntos).*

4.1.2. Principais temas da poesía lírica de Horacio / *Principales temas de la poesía lírica de Horacio (2,5 puntos).*

4.2. Responda unha das tres cuestións / *Responda una de las tres cuestiones:*

4.2.1. Sinale o prefixo de orixe latina e explique que significado achega nas seguintes palabras / *Señale el prefijo de origen latino y explique qué significado aporta en las siguientes palabras: "contrarréplica", "desgobierno/desgobierno", "extramatrimonial", "interactuar", "subcontrata" (2,5 puntos).*

4.2.2. Explique o significado das seguintes expresións latinas e utilíceas nun exemplo / *Explique el significado de las siguientes expresiones latinas y utilícelas en un ejemplo: "a priori", "de incognito", "facta, non verba", "in illo tempore", "vice versa" (2,5 puntos).*

4.2.3. Explique o significado dos seguintes topónimos de orixe latina / *Explique el significado de los siguientes topónimos de origen latino: "Maceda", "Outeiro", "Poio", "Ribadavia", "Xunqueira" (2,5 puntos).*

ABAU 2022
CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
LATÍN II (cód. 30)

O exame consta de 4 preguntas, das que hai que responder un máximo de dúas, combinadas como se queira. Se algún alumno/-a responde máis de dúas, serán tidas en conta soamente as dúas primeiras que presente.

PREGUNTAS 1, 2 e 3. Textos e gramática (ata 5 puntos):

Cuestión 1. Valorarase con ata 4 puntos. Hai que traducir ao galego ou ao castelán o fragmento proposto, demostrando que se comprende correctamente o texto orixinal, que se recoñecen con exactitude o seu léxico e as súas estruturas gramaticais e que se é capaz de trasladar todo o seu contido de forma precisa, equivalente e correcta na lingua de destino. Soamente se pide a tradución correspondente.

Unha posible tradución dos textos propostos é a seguinte:

1.1. A Domiciano, funesto tirano, sucedeuno Nerva, varón moderado e activo na vida privada, de nobreza media. Amosouse moi equitativo e moi cívico. Mirou polo estado con divina previsión adoptando a Traxano. Morreu en Roma despois dun ano e catro meses e oito días do seu mandato.

2.1. O imperio romano ten o seu inicio desde Rómulo, o cal, fillo de Rea Silvia, unha virxe vestal e, segundo se pensou, de Marte, foi parido xunto co seu irmán Remo nun único parto. El, cando andaba roubando entre pastores, aos dezaioito anos de idade fundou unha pequena cidade no monte Palatino.

3.1. Hércules, recibido no ceo debido ao seu valor,
cando tiña saudado aos deuses que o felicitaban,
ao chegar Pluto, que é fillo de Fortuna,
apartou os ollos. Preguntoulle o seu pai a causa.
Díxo: “Téñolle odio, porque é amigo dos malos
e asemade corrompe todas as cousas ao poñer por diante o lucro”.

Cuestión 2. Valorarase con ata 1 punto. Hai que analizar morfolóxica ou sintacticamente o fragmento sinalado no texto proposto para tradución. Na análise morfolóxica débese identificar correctamente que clase de palabra é cada unha das unidades do fragmento e indicar as categorías gramaticais de cada unha delas,

atendendo ao valor concreto desas palabras no texto en cuestión. Na análise sintáctica débense explicar as estruturas sintácticas que hai no fragmento e as funcións sintácticas de cada un dos elementos que integran esas estruturas. Admítese calquera método de análise que sexa correcto.

PREGUNTA 4. Literatura e léxico (ata 5 puntos):

4.1. Hai que responder a un só dos dous temas propostos, que permitirá acadar ata 2,5 puntos. Se algún alumno/-a responde a máis dun tema, terase unicamente en conta o que desenvolva en primeiro lugar. Valorarase a exactitude e a calidade dos contidos referidos exclusivamente ao tema preguntado, e tamén a claridade e a corrección da exposición.

4.1.1. Hai que describir o contido de tres discursos de Cicerón e indicar que tipo de discurso é cada un deles.

4.1.2. Hai que explicar os principais temas da poesía lírica de Horacio. Para poder acadar a máxima puntuación é suficiente comentar tres temas.

4.2. Hai que responder a unha soa das tres cuestións propostas, que permitirá acadar ata 2,5 puntos (0,5 cada elemento da cuestión). Se algún alumno/-a responde a máis dunha cuestión, terase unicamente en conta a que presente en primeiro lugar. Valorarase a explicación precisa, clara e completa de cada termo ou expresión obxecto de pregunta.

4.2.1. Hai que sinalar o prefixo de orixe latina e explicar que significado achega nas correspondentes palabras.

4.2.2. Débese explicar o significado de cada unha das expresións latinas, poñendo algún exemplo de uso en contexto adecuado.

4.2.3. Hai que explicar o significado dos topónimos propostos, indicando os étimos latinos dos que proceden.

Santiago de Compostela, 15 de xullo de 2022

Xosé Carracedo Fraga

Presidente da comisión de avaliación